

“TERRA VERDE”: UN POEMA INÉDITO DE EDUARDO PONDAL

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña

Os problemas editoriais da lírica pondaliana

A produción lírica de Eduardo Pondal constitúe, seguramente, o mellor exemplo, na literatura galega moderna, da dificultade editorial no ámbito textual pola diversidade de fontes e a complexa historia ecdótica de moitas das súas composicións. Así, a carón de *Queixumes dos Pinos*, cuxa publicación foi controlada directamente polo poeta (Ferreiro 1991b: 40), a case totalidade do resto da produción lírica pondaliana édita ten a súa base en publicacións periódicas e obras de carácter misceláneo. Ás dificultades da obra impresa aínda se deben engadir as que presenta un importante conxunto de textos líricos manuscritos, tanto autógrafos como apógrafos (Ferreiro 1995: XI-XV).

É precisamente no conxunto da produción inédita, manuscrita, onde aparecen os maiores problemas editoriais e textuais, xa que a intervención, non sempre afortunada, dalgúns editores nos fondos manuscritos pondalianos (basicamente nos do Arquivo Parga Pondal e nos da Real Academia Galega) levou consigo que na edición máis completa da lírica do Bardo, a que podemos considerar vulgata pondaliana (Senín 1985), aparezan como poemas de Pondal imaxinativas refaccións de rascaños poéticos a carón de simples redaccións alternativas previas de poemas editados no

seu momento polo poeta, así como duplicacións e, mesmo, triplicacións de textos dados á luz sucesivamente corrixidos ou modificados por el mesmo en diversas publicacións (Ferreiro 1995: IX-X).

Na realidade, tanto a importante cantidade de materiais autógrafos como os relevantes problemas textuais e ecdóticos levantados pola produción pondaliana obedecen, fundamentalmente, á neurose creativa de Pondal¹. A concepción da creación no noso poeta explica a corrección constante, a continua revisión, a emenda permanente dos seus textos² e, mesmo, a publicación inmediata dun mesmo poema con modificacións e correccións³. Nesta mesma liña, obviamente, aparece a angustia do Bardo polo futuro da súa obra, obsesión manifestada abondosamente ao longo da súa vida e concretada poeticamente en 1916 na redacción dos seus derradeiros poemas (Ferreiro 1991b: 64-72).

A historia na lírica de Pondal: dos Mártires de Carral aos *wikings*

No conxunto das fontes manuscritas, son verdadeiramente fundamentais os materiais legados polo poeta á Real Academia Galega (RAG), segundo disposición testamentaria ben coñecida (“Dejo mis manuscritos literarios y mis impresos poéticos a la Real Academia Gallega para que los expurgue en connivencia con mis albaceas”, Ferreiro 1991b: 63), por seren os materiais que o poeta acumulaba para a publicación do seu derradeiro libro lírico, unha triloxía poética⁴. Estas palabras de Pondal escusan a lóxica prevención do editor perante o labor de recuperación de textos que o autor non chegou a publicar, seguramente a causa do proceso de decaemento físico (cegueira) e, sobre todo, mental en que estaba o poeta os derradeiros anos da súa vida.

Desde hai uns anos vimos realizando un labor de esculca e estudio dos materiais pondalianos depositados na institución académica, parte dos cales xa foron revisados por diferentes investigadores con resultados desiguais, como mostra a recompilación de “novos poemas” realizada por Ricón (1971: 3-55). Neste proceso de investigación achamos o manuscrito

¹ Neste sentido, os materiais de *Os Eoas* precisarían dunha consideración específica, que non pretendemos abordar aquí.

² Lémbrase a existencia dun exemplar de *Queixumes* con numerosas correccións autógrafas (Bouza Brey 1925).

³ Por exemplo, o poema “Dos pátridos acentos”, publicado na revista santiaguesa *La Pequeña Patria* no número 9 (3-1-1891) e, inmediatamente, no número 10 (10-2-1891) con importantes modificacións.

⁴ Con título vacilante, probabelmente *Dos Eidos, Dos Servos, Do íntimo* (Ferreiro 1991b: 292).

autógrafo dun novidoso e descoñecido poema pondaliano cuxa edición traemos aquí como homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero, quen deu a coñecer numerosos e importantes textos da máis variada condición e autoría no ámbito cultural galego.

Mais perante un manuscrito de Eduardo Pondal débese valorar coidadosamente a posibilidade de que constituía unha redacción previa ou alternativa doutro texto, quer publicado, quer inédito. Non é este o caso do poema «Terra verde», que mostra unha liña temática ata agora descoñecida na poesía pondaliana: o interese polos acontecementos históricos do pasado lonxincuo de Galicia.

Efectivamente, a pesar do marco céltico-ossiánico de grande parte da poesía lírica do noso autor⁵, as referencias a episodios históricos do pasado galego como motivo central de composicións pondalianas son inexistentes na produción coñecida ata agora, se exceptuarmos as vagas alusións a Suevia que esporadicamente aparecen na súa lírica (vid. QP 35.5, 76.35, 77.59)⁶ ou as referencias concretas a personaxes do seu tempo, tanto por dedicatorias como por algunhas figuras constituíren o obxecto de diversas composicións de circunstancias⁷.

Por outra parte, tamén na súa lírica existen alusións de diverso tipo ás loitas de liberación nacional de diversos pobos europeos; destaca, nesta liña, a referencia a Irlanda⁸ e Grecia ("os rudos empeños / do grego Kanaris, / os soños ousados / e boos ideais / de Parnell e O'Connell / e Marco Botzaris" (QP 77.31-36), xunto coas alusións a *Cernagora*, 'Montenegro' ("somellantes a aqueles / que, con ousado afán, / na ruda Cernagora, / de fortes forte nai, / amostrar fan as presurosas prantas / á caterva d'Agar" (QP 45.123-28)⁹; ademais, tamén aparecen referencias ás loitas polacas, motivo central dunha composición manuscrita (RAG) que ten como estribillo "Desperta do teu sono / Desperta Polska"¹⁰, así como a

⁵ Sen esquecermos as numerosas referencias ao ámbito e a personaxes do mundo helenístico e, en menor medida, romano e bíblico.

⁶ Nas referencias a textos de *Queixumes dos pinos*, citamos pola nosa edición (Ferreiro 1995) coas siglas QP seguidas do número de poema e do número do(s) verso(s).

⁷ Salvo a mención do pirata Antón de Garay, do s. XVI, e mais de Camões e de Cervantes, o resto das referencias persoais son contemporáneas de Pondal: José Carvajal, Emilio Castelar, Andrés Muruais, Manuel Murguía, Leandro Saralegui, Francisco Tettamancy ('Fuco de Tabeaio'), Víctor Balaguer, Vicente Carnota, Martínez Salazar, Curros Enríquez, Florencio Vaamonde Lores ('Jan de Ouces'), Justo E. Areal, Concepción Arenal, Benito Vicetto, Carré Aldao, Galo Salinas ('Janiño') ou Valeriano Weyler.

⁸ Téñase en conta que *Erín*, o mesmo que *Celtia*, na poesía pondaliana refírese sempre a Galicia (QP 51.21; «Estramil», vv. 18, 28; «A Curros Enríquez»: "Cal pino de Breogán, alto e subido", v. 31).

⁹ Aludida tamén en QP 77.51 e QP 91.14.

¹⁰ Coa redacción alternativa "Apresta o duro ferro / Apresta, Polska" (RAG).

referencia a Cataluña no poema, tamén manuscrito na RAG, *Bon cop de fals!* (Ricón 1971: 2-3).

Na realidade, na produción lírica do vate ata agora coñecida só se pode salientar a presenza dos acontecementos históricos ligados aos Mártires de Carral como tema central de varios poemas pondalianos. O primeiro deles foi incluído en *Queixumes dos Pinos* ("Cando os duros machados", QP 76) e o segundo apareceu publicado en 1899 na *Revista Gallega* ("Cando mo referino"); mais existe un terceiro poema datado en "Puente Ceso, Mayo de 1904", ata este momento esquecido, que, co título *Aos Mártires de Carral*, foi publicado no xornal ferrolán *El Correo Gallego* o 21 de Maio de 1904, coa dedicatoria "Para «El Correo Gallego»"¹¹:

Os traidores e infames,	
Os tráfugas e necios;	
Aqueles que aplaudiron	
O bárbaro decreto;	
Os tímidos e imbéciles	5
E d'ánimo fraquento	
Ao ver de longe a costa	
Funesta de Paleo,	
Con risas ou con bágoas,	
Ignaros din: "Morreron".	10

Mas unha voz sublime,	
Que vence o tempo e o ferro,	
Capaz d'erguer os mortos	
Do seu repouso eterno,	
Indignada contesta:	15

"Valerosos caíron, non morreron!".

Desta maneira, para alén dos poemas xerados polo episodio dos Mártires de Carral, a composición «Terra verde» aparece como a segunda manifestación literaria ligada a un acontecemento histórico galego, en liña co interese pondaliano pola historia patria (lémbrese a súa profunda amizade con Murguía), como mostra a lectura atenta da *Historia* de Vicetto, duramente criticada polo poeta en carta a Manuel Murguía (Ferreiro 1991b: 89-91).

Máis concretamente, no que di respecto ás invasións viquingas en Galicia, tema central de «Terra verde», consérvase unha nota manuscrita autógrafa do poeta ponte-cesano nos materiais depositados na RAG (aprox. 160x110 mm.), en que se recollen uns apuntamentos sobre as datas

¹¹ Unicamente corriximos a puntuación orixinal, rectificamos a grafía de *vagoas* en *bágoas* (v. 9) e substituímos a itálica por aspás (vv. 10 e 16). Posibelmente, a forma *caíron* (v. 16) sexa un erro de imprenta por *caeron*.

e principais protagonistas das tres primeiras incursións normandas no noso territorio¹²:

“Talas y saqueos de las l costas de Galicia por los l {piratas} normandos.

La 1ª en el año 846, l en el reinado de Dn. l Ramiro 1º de León y l Asturias.

La 2ª, en 857, en el l reinado de Dn. Ordoño. l Fueron derrotados por el conde l gallego Dn. Pedro.

La 3ª en 979, en el l reinado de Dn. Ramiro l III, al mando de su l gefe Gunderedo. En el l combate de Fornelos pere[ció] l el arzobispo de Santiago l Sisnando. Fueron derrota[dos] l después por el conde l gallego Gonzalo Sán[chez]”.

Certamente, os ataques viquingos ás nosas costas, fundamentalmente durante os séculos IX-X, foron obxecto de estudio por parte dos historiadores decimonónicos galegos, que lles dedican ampla atención. Así, na *Historia* de Murguía encóntrase unha descrición ben coincidente coa apreciación pondaliana do carácter destructor das incursións normandas¹³: “Estos nuevos bárbaros eran en verdad terribles y amenazaban la tranquilidad del nuevo Estado. No venian es cierto, como conquistadores, ni como enemigos. Eran sencillamente unos piratas. Llegaban de improviso, caían sobre los inermes, combatian duramente con los que les recha[za]ban, **talaban y saqueaban** campos y viviendas, y con el fruto de su rapiña en las manos, teñidas todavía con la sangre [de] los que habían resistido, ponian en los barcos las velas y marchaban en busca de otros lugares á propósito en que seguir ejerciendo sus depredaciones” (Murguía 1891: 330; vid. tamén Murguía 1891: 334).

Mais a fonte dos datos do poeta non pode ser a *Historia* murguiana de 1865, xa que non coinciden as datas das dúas primeiras invasións, as únicas que Murguía considera polo carácter inacabado da súa obra: a primeira en 844 (Murguía 1891: 334) e a segunda en 859 (Murguía 1891: 346). Tampouco a data pondaliana para a terceira invasión coincide coa que Alfredo Vicenti (1884: 256-257) subministra no seu artigo “Los

¹² Utilizamos convencionalmente os corchetes ([]) para repoñermos elementos ausentes do texto (por esquecemento ou cortes do papel), as chaves ({} para indicarmos os acrecentamentos interliñados e as barras verticais (|) para sinalarmos os cambios de liña. Neste texto, só regularizamos a acentuación (*después, Leon, Sanchez, saqueos*) e introducimos o punto despois da abreviatura *Dn*. A única vacilación do texto é *Incéndios*, que aparece como variante alternativa de *Talas*.

Para unha visión actualizada das invasións viquingas no territorio galego vid. Almazán (1986: 85-120) e Morales Romero (1997: 89-132).

¹³ Véxase no poema a repetición do adxectivo *terribles* en relación cos viquingos (vv. 16, 18, 23, 68).

normandos en Galicia”, publicado na revista *Galicia Diplomática*, coñecida polo poeta, con atención preferente ás dúas últimas vagas de invasións normandas.

Sorprendentemente, tampouco as datas de Pondal corresponden coas establecidas na *Historia* de Vicetto, que apunta aos anos 846 (“Por los años 846, y tercero del reinado de don Ramiro I, los Normandos, despues de haber cometido infinitas crueldades en las costas de Francia, donde al fin se fijaron dando nombre á Normandia, aparecen en las costas de Galicia” (Vicetto 1871: 45-46), 859 (“Por esta época, 859, otra nueva escuadra de Normandos apareció en nuestras costas” (Vicetto 1871: 60) e 969 (“En aquel mismo año de 969, aportaron á las playas de la Galicia lucense y bracarense mas de cien naves normandas, sin que la corte de Leon se significara en algo para evitar el desembarco, y oponer un ejército al ejército del rey de aquellos piratas llamado Gunderedo: *Nortmanorum cum rege suo Gunderedo*” (Vicetto 1871: 205)¹⁴.

Nin sequera Dozy, unha das fontes de Murguía, que dedica un importante capítulo das súas *Recherches* a “Les Normands en Espagne” (Dozy 1881: 250-371), subministrrou os datos, que, máis unha vez, non coinciden coa cronoloxía da nota pondaliana.

Así pois, a fonte da devandita nota tivo de ser diferente, posibelmente exterior á historiografía galega decimonónica máis difundida no seu tempo, a mesma de onde tirou as claras referencias e importante coñecemento da mitoloxía nórdica e de detalles técnicos dos normandos que «Terra verde» evidencia.

O manuscrito de «Terra verde»

O manuscrito do texto «Terra verde» (RAG) aparece autógrafo en catro follas dun tamaño aproximado de 110x160 mm., escritas en vertical e numeradas polo propio poeta.

Aínda que non presenta sinatura nin data, a presenza do título, a numeración das follas realizada polo propio Pondal e o número limitado

¹⁴ Onde si hai coincidencia é nos detalles de cada unha das invasións. Véxanse como mostra os sucesivos subcapítulos de Vicetto sobre os ataques normandos: “Los normandos en las costas de Galicia: tradicion piadosa del obispo de Mondoñedo don Gonzalo: desembarcan los normandos en la Coruña, y talan las marinas: Santiago patron de Galicia; lo invocan los gallegos lucences y derrotan á los normandos” (Vicetto 1871: 6); “Desembarcan los normandos en Galicia, y son rechazados por el conde don Pedro” (Vicetto 1871: 52); “Vuelven los normandos á Galicia: derrota de Formelos y muerte de Sisnando II: se estienden los invasores hasta el Cebro: reune el conde Gonzalo Sanchez un ejército de gallegos, victoria de estos, matan al rey Gunderedo é incendian sus naves” (Vicetto 1871: 199).

de vacilacións de redacción, sobre todo se o compararmos coa maioría dos textos autógrafos do poeta bergantiñán, confirman o carácter de texto relativamente acabado, aínda que se pode apreciar un certo carácter de provisionalidade na repetición dalgunha palabra final de verso en rima (*ergue* nos vv. 70-72) e mais en certa vacilación lingüística inhabitual en Pondal (*brondo* vs. *blondo*, *resprandores* vs. *resplandecen*, etc.), xunto coa tendencia ás repeticións de tipo anafórico: vv. 6-8, *frota* (9,11), *terribres* (16,18), *fillos* (20, 21).

Para evitarmos un complexo aparato de variantes, incluímos unha transcripción do autógrafo pondaliano, ata onde a tipografía o permitir, tentando reproducir coa máxima fidelidade o manuscrito¹⁵:

[1r] Terra verde

 marítimo

No negro e fusco horizonte
Unha mancha s'apercebe
 inmensa
 negra, escura
 grande

Unha mancha fea, siniestra
Con fealdade que estremece;
D'unha fealdá
Que todo peito estremece,
He acaso un fero
Quezais hé algun nubrado,?
Que huracan
Quezais hé algun corisco
[H..] por ¿como?¹⁶
Que o vento do norte impele?

N'he nubrado, n'he corisco,
Que o vento do norte impele;
 innumerabre

He unha frota numerosa
Que s'estende longamente
Frota
Como de
Frota de de negros baxeles
 bandada¹⁷

¹⁵ Incluímos entre signos de interrogación (¿?) as palabras de lectura dubidosa, ao tempo que indicamos por medio de notas aqueles aspectos do ms. que a tipografía non reproduce e mais os lapsos de escrita do poeta. Os versos interliñados levan un corpo de letra menor.

¹⁶ Semella o principio fracasado dun verso.

¹⁷ Seguramente aparece *bandada* suxerindo unha redacción *Como potente bandada*, que a rima imposibilita.

Como bandada potente
De negros corvos mariños
Q'ó Oceano corta e fende

Son os lostrégos d'Odin,
Nos seus terribres¹⁸ snekers
Son os Wikings vagabundos,
Son os terribres berserker,
coriscos

Son os engendros do norte,
Fillos dos ¿fiords? e das neves,
O¹⁹ brondos fillos do Boreas
Os ¿errabundos? varegues
celebrados

Son os terribres Normandos
De quen tanto o mundo teme,
Os compañeiros dos ventos
E²⁰ dos petrelos agrestes
Que mo²¹ craneo dos vencidos
Sangre roxo e morno beben.

[2r] Gentes altas; de brancura,
Son altos
Cal do Septentrion a neve,
De longos, blondos cabelos,
feros
E fondos ollos celestes,
Que cando miran, ... que cortan,
E non que miran, parece:
Pieles de focas e rhenos,
Formaban a sua veste,
bestas montesías
E de lobos montesíos,
Zorros e osos agrestes
E de zorro e d'oso as peles,
E de foca e de cabalo,
Cingen os pes²² vendoletes.
As armas, na forna²³ e ¿modo?
O corazon estarrecen;
Abortos do Oceano

retortas
correas contortas
E de contortas correas
retortas
Cingen as pernas potentes²⁴

¹⁸ Lapsos de escrita por *terribres*.

¹⁹ Lapsos de escrita por *Os*.

²⁰ Reescrito sobre *Os*.

²¹ Lapsos de escrita por *no*.

²² O *s* aparece reescrito sobre un *e* anterior.

²³ Lapsos de escrita por *forma*.

²⁴ Estes dous versos, coas súas variantes, aparecen escritos á esquerda, en vertical.

¡Naturaleza de ferro!
Naturales do
Genios do vasto Oceano
¡Extrañas e fortes gentes!

 pesantes
Cingidos d'armas de ferro
Garridas e refulgentes,
Vestidos de agrestes pieles,
Calzados de piel de foca,
Que con correas retortas
 os membros
Cingen as pernas potentes
 extremos
Pernas lle cingen e premen²⁵

[3r] Da robusta capitana
Sobre da proa fendente
Iba posta²⁶ d'atalaya
Un garrido adolescente
Quaseque desnudo, brondo,
Estacado d'ambos pes,
Como q'ó balace²⁸ leve
Leva
Ten un machete na man
 destra
Leva a siniestra na frente,
Para q'os rayos do sol,
Que sobre o seu casco fere,
Cos seu vivos resplandores²⁹
N'ono ~~perturben~~ e ceguen,
 deslumbren
E vai mirando, mirando,
Por se terra s'apercebe
E a pouco dixo pl'a proa
Terra verde, terra verde
Con unha voz cavernosa,
Parecido ao vento agreste,
Cando unha selva de pinos
Con terribres sopros fere,

Cingidos brancos brazos²⁷
De garridos brazaletes,
Coa man destra apoyada
En brillante hacha bipenne

Como ¿quen longe [.....]?
Cos ollos as terras ¿lueñes?
 prayas

²⁵ Este conxunto de sete versos, coas súas variantes, aparece escrito nun tamaño de letra lixeiramente menor que o do resto da composición.

²⁶ Lapso de escrita por *posta*, talvez condicionado polo *-a* final do resto dos vocábulos do verso.

²⁷ A métrica (e o sentido) esixe máis unha sílaba, con seguranza o artigo *os*.

²⁸ Falta a consoante nasal de *balance*, por lapso do poeta.

²⁹ Semella que Pondal escribeu primeiramente *Co seu vivo resplandor*, modificando despois para plural con esquecemento de *seu*.

O forte Rolf, que comanda,
A bronda e terrible gente
forte ¿temida?

Dixo

Escrama: Garrido

–Bello Oswarold,

O do casco refulgente,
Alto como o bello pino
Que na Kurlandia se ergue
Que terra, que terra he esa
Que po-la proa se ergue?

–Non sei padre.

–Hé dixo un Wiking

De Breogan a terra verde.

[4r] De Breogan dixo o verserker
De Breogan a terra verde!
Pilotos; ... virade o rumbo,
Virade ven³⁰ ao ponente...
N'esa terra terra temerosa,
Ha³¹ caído para sempre,
Caeno os nosos avoos
E nosos pais para sempre,
Haimar, Olaf, Sterkoder
Harald, Harold o valente...
Ban contrario³³ as nosas armas
Nos fui nesa³⁴ terra verde!
Fuxamos de Breogan
Fuxamos a terra verde

Mas na celes Valhalla³²
Antre os dioses resprandecen

Como Walkíria engañosa
Envolta en cendales tenues
Que de longe nos acene
Q' o normando fuge e teme,
Que d'Odin os fillos temen
Fuxamos a costa da morte,
E de Traba e
A dos baixos de Camelle
A das Baleas de Tosto

³⁰ A forma *ven* é un claro erro de escrita, con grafía “v” condicionada por *virade*.

³¹ Lاپso de escrita por *Han*.

³² En *celes* falta a última sílaba; *Valhala* tamén podería ser lido como *Vallalla*. Semella que estes dous versos foron escritos posteriormente para evitar os repetitivos *Caeno os nosos avoos* / *E nosos pais para sempre*, con duplicación de *sempre* en posición de rima.

³³ *Ban contrario* debemos interpretalo como un erro de escrita por *Ben contraria*, aínda que a primeira palabra podería lerse como *Mais*, coa correspondente consecuencia na fixación do verso.

³⁴ O sentido do verso esixe *esa*, constituíndo a forma do ms. outro lapso do autor.

A... das sirtes de Treze
E as feas sirtes de Treze
Esta he a Costa da Morte
Que mal os vikings recibe
terra
Funesta sirte sedenta
Costa sendenta³⁵ do sangue
De vikings e varegues.

O texto de «Terra verde»

Para a fixación e edición do texto do poema partimos dun criterio moderadamente conservador³⁶, mantendo un estricto respecto á lingua orixinal do poeta (mesmo nas súas vacilacións) e tentando aplicar para a selección das variantes alternativas os hábitos escriturais do Bardo. Neste sentido, cientes de que, se Pondal publicase este poema, o resultado seguramente non sería exactamente igual ao que agora propomos, optamos, sempre que posíbel, por fixarmos sistematicamente a primeira redacción de cada verso e incluír as ampliacións interliñadas (vv. 11-12, 21-22, 61-62, 87-88, 97-98) ou marxinais en relación ao corpo central da composición (41-42, 83-84), rexeitando aquelas que consideramos fallidas.

Terra verde

No negro e fusco horizonte
Unha mancha s'apercebe,
Unha mancha fea, siniestra,
Que todo peito estremece.
Quezais é algún nubrado 5
Que o vento do norte impele?

N'é nubrado, n'é corisco
Que o vento do norte impele;
É unha frota numerosa,
Que s'estende longamente, 10
Frota de negros baxeles
Como bandada potente
De negros corvos mariños
Qu'ó Oceano corta e fende.

³⁵ A forma *sendenta* é un lapso de escrita por *sedenta*, condicionado pola sílaba seguinte.

³⁶ Basicamente, aplicamos os criterios xa utilizados na edición de *Queixumes* (Ferreiro 1995: XLIV-L).

Son os lostregos d'Odín, Nos seus ter[r]ibres <i>snekers</i> ;	15
Son os <i>Wikings</i> vagabundos, Son os terribres <i>berserker</i> ;	
Son os engendros do norte, Fillos dos <i>fiords</i> e das neves,	20
O[s] brondos fillos do Bóreas, Os errabundos <i>varegues</i> .	
Son os terribres Normandos, De quen tanto o mundo teme;	
Os compañeiros dos ventos E dos petrelos agrestes,	25
Que no cráneo dos vencidos Sangre roxo e morno beben;	
Gentes altas, de brancura Cal do Septentrión a neve,	30
De longos, blondos cabelos E fondos ollos celestes Que, cando miran, ... que cortan E non que miran parece;	
Peles de focas e rhenos, Formaban a súa veste,	35
E de lobos montesíos, Zorros e osos agrestes, E de foca e de cabalo	
Cingen os pés vendoteles, E de contortas correas	40
Cingen as pernas potentes. As armas na forma e modo O corazón estarrecen.	
Naturaleza de ferro! Extrañas e fortes gentes!	45
Da robusta capitana Sobre da proa fendente, Iba posto d'atalaia	
Un garrido adolescente, Estacado d'ambos pés Como qu'ó bala[n]ce leve;	50
Ten un machete na destra, Leva a siniestra na frente Para qu'os raios do sol,	55
Que sobre o seu casco fere, Cos seu[s] vivos resprandores Non o deslumbren e ceguen, E vai mirando, mirando	
Por se terra s'apercebe. E a pouco dixo p'la proa: "Terra verde, terra verde".	60

Con unha voz cavernosa, Parecida ao vento agreste Cando unha selva de pinos	65
Con terribres sopros fere, O forte Rolf, que comanda, A bronda e terrible gente, Escrama: "Garrido Oswardold, O do casco refulgente, Alto como o bello pino Que na Kurlandia se ergue, Que terra, que terra é esa Que pola proa se ergue?". "Non sei, padre". "É -dixo un <i>wiking-</i> , De Breogán a terra verde".	70 75
"De Breogán -dixo o <i>berserker-</i> , De Breogán a terra verde! Pilotos..., virade o rumbo, Virade ben ao ponente..., Nesa terra temerosa Ha[n] caído para sempre (Mas na celes[te] Valhalla Antre os dioses resplandecen) Haimar, Olaf, Sterkoder, Harald, Harold o valente... Ben contraria ás nosas armas Nos fui esa terra verde! Fujamos de Breogán, Fujamos á terra verde! Como Walkiria enganosa, Qu'ó normando fuge e teme, Fujamos á costa da morte, A dos baixos de Camelle, A das baleas de Tosto E as feas sirtes de Trece! Esta é a Costa da Morte, Que mal os <i>vikings</i> recibe, Costa sedenta do sangue De <i>vikings</i> e <i>varegues!</i> ".	80 85 90 95 100

Notas ao texto

0. O viquingo Erik o Vermello explorou as costas meridional e occidental de Groenlandia, onde estableceu unha colonia de emigrantes, que chamou *Terra Verde*. Á luz deste dato histórico débese interpretar, coidamos, a matización do *wiking* e do *berserker* nos vv. 75-76 e 77-78, respectivamente, cando se determina con *de Breogán* o sintagma *terra verde*, tal vez en confronto coa *Terra Verde* groenlandesa.

7. A redacción final deste verso recolle, xunto co *nubrado*, a alusión ao *corisco* que aparecía na redacción alternativa do v. 5 (“Quezais hé algun corisco”), rexeitada por motivos métricos.

9-14. Á vista do manuscrito, para a fixación do texto dos vv. 9-14 existirían outras posibilidades textuais que evitarían a presenza da secuencia final *e-e* nun verso impar (“É unha frota numerosa, / Como bandada potente / De negros corvos mariños / Qu’o Oceano corta e fende”, e, aínda, “É unha frota numerosa / Que s’estende longamente / De negros corvos mariños / Qu’o Oceano corta e fende”), mais optamos por recoller todos os versos posíbeis.

15. Odín, un dos deuses da mitoloxía escandinava, onde representa a sabedoría e a heroicidade, é equivalente ao Xúpiter romano e ao Zeus grego; habita no Valhalla, repouso destinado aos heroes viquingos mortos en combate. Os *lostregos d’Odín* son, pois, os viquingos ou normandos.

16. Sorprende o rotacismo do sufixo *-bre* en *terribres* (vid. tamén os vv. 18, 23, 66 e 68), que Pondal evitara en *Queixumes*, o mesmo que en *horrible*, pola presenza doutra consoante vibrante no mesmo vocábulo (Ferreiro 1991: 57).

O *sneker* (ou *snekar*) era un dos barcos viquingos para navegación de longo curso, fronte ao *drakkar*, embarcación rápida, de pouco calado, para navegación por ríos ou percorridos non moi longos.

17. Vid. nota ao v. 23.

18. Coa forma *berserker* (sing. *berserk*) Pondal refírese aos homes-oso da mitoloxía escandinava, isto é, uns xigantes que pola ira extrema se transformaban en osos durante os combates e realizaban grandes fazañas.

20. A forma *fiords* (dunha forma nórdica *fjord*), sen adaptación grafico-fonética, é mostra do carácter de estranxeirismo recente (no francés en 1829).

21. Obsérvase a adaptación do francés *blond* (‘loiro’) ao xeral rotacismo pondaliano nos grupos formados inicialmente por oclusiva ou /f/ + /l/ (Ferreiro 1991: 57-58), aínda que no v. 31 aparece *blondos*, en liña coa vacilación *resprandores / resplandecen* (cf. nota ao v. 84)³⁷.

O *Bóreas* é o vento do Norte (cf. *Lusíadas* VI, 31), un dos catro principais. Cf. “Pois qu’o Bóreas oprimes / con ponderosos ferros” (“Oh

³⁷ Cf. xa en *Queixumes* a forma *bronda*, do francés *blonde* (‘tecido de seda con bordados’), da mesma orixe que *blond*: “Morrer en brando leito, / entre molentes brondas” (QP 6.1-2).

ti, qu'antigamente", v. 16); "como soe alto pino / ó sopro audaz do sibilante Bóreas" ("Envolto en duro ferro", v. 8).

22. Os *varegues* (cf. inglés *varangians*) son os viquingos de orixe sueca que, tamén polos séculos IX e X, se encamiñaron a Oriente, a través de Rusia (onde posibelmente fundaron Novgorod e Kiew), chegando ao mar Negro e mesmo a Bizancio; ao contrario dos que se dirixiron a Occidente, convertéronse en comerciantes.

23. *Normandos* (do francés *normand*, do latín medieval *NORMANNUS*, de orixe xermánica, cuxo significado literal era 'home do norte'; cf. "engendros do norte", v. 19) constituía a tradicional denominación dos viquingos (cf. as formas medievais *normão* ou *narmão*), palabra moitísimo máis recente, documentada en francés por vez primeira en 1842, o que explica as formas *wiking* (v. 75), *wikings* (v. 17), *vikings* (v. 98) e *vikingues* (v. 100) neste texto.

26. O *petrelo* é unha ave costeira, que volve a aparecer en textos manuscritos inacabados en torno á Costa da Morte (cf. nota ao v. 97), como no seguinte fragmento manuscrito inédito (RAG): "O rudo petrelo, / Que da altura volve, / Quezais impelido / Por tormenta enorme, / Buscando un refugio, / Á terra s'acolle. / Cando esta bruta / Fatal reconece, / Con un triste pío / Seu camiño torce. / Que ser non evita / A fea e deforme? / Que ser non a evita, / A costa da morte?".

27-28. Téñase en conta que as valquirias servían o viño e o hidromel aos guerreiros no Valhalla dentro do cranio dos seus inimigos.

30. *Septentrión*, isto é, o Norte e, máis concretamente, o pólo norte ou as rexións do norte (tamén vento do Norte) mostra os costumes gráficos pondalianos canto ás maiúsculas se refire (cf. Oceano, Bóreas, etc.).

31. Vid. nota ao v. 21.

35. A utilización da forma correcta *peles* na redacción alternativa para este verso (*E de zorro e d'oso as peles*) permítenos corrixir o orixinal *pieles*, a pesar de que na lírica pondaliana se rexistran algúns castellanismos deste tipo (*sinistro*, *mieses*).

A forma *rhenos* presenta unha falsa grafía, talvez condicionada pola consciencia pondaliana do empréstimo, certamente recente (de orixe nórdica, a través do francés *renne*).

40. Coidamos que o vocábulo *vendoletes* (talvez con grafía "v" por influencia de *venda*) foi tirado por Pondal do francés *bandelette*, diminutivo de *bande* ('Fita de tecido, coiro, papel, metal, etc. máis longo que ancho, que serve para ligar, manter unido, recobrir ou adornar calquera cousa').

46. É certamente ben rara a presenza do grupo culto en *extrañas*, xa que é universal en Pondal a forma *estraño* con unicamente catro excepcións no seu uso, unha delas en *Queixumes*, que, en xeral, debemos interpretar como lapsos de corrección do propio poeta (Ferreiro 1995: 197-198).

64. O sentido xeral favorece a corrección de *parecido* en *parecida*, a pesar de que podería concordar con *o forte Rolf* (v. 65) e non con *voz* (v. 63).

69. Optamos pola variante *garrido*, fronte á inicial *bello*, por razóns métricas, dada a tendencia á sinalefa na poesía de Pondal e considerando a probábel acentuación paroxítona de *Oswarold*.

71. Cabería a posibilidade de interpretarmos a forma *bello* (castelanismo ben frecuente en Pondal) como un lapso gráfico por *vello*, máis acaído no contexto.

72. *Kurlandia* é unha rexión de Letonia que sufriu invasións escandinavas entre os séculos VIII e XII.

82. É certamente inhabitual a utilización dun tempo composto con *haber* na poesía pondaliana. Soamente encontramos unha construción semellante no v. 130 d'*A América Descuberta*, seguramente publicada en 1864³⁸: "Sabede como casos superiores / A forza humana han determinado". Por outra parte, nos materiais manuscritos d'*Os Eoas* áchanse con relativa frecuencia tempos compostos con *había*, normalmente esixidos pola rima³⁹.

83. O *Valhalla* (de *Walhalla*, de procedencia nórdica), na mitoloxía escandinava, é a morada eterna de Odín (vid. nota ao v. 15), onde os guerreiros mortos no combate ou nunha acción heroica continuaban durante o día a loitar sen morte nin feridas e de noite celebraban banquetes sagrados servidos polas valquirias (vid. nota aos vv. 27-28).

84. Obsérvase a ausencia de rotacismo en *resplandecen*, fronte ao *resprandores* do v. 57 (vid. nota ao v. 21).

³⁸ Cf. "Espero que V. mire con ojos severos mi trabajo último. Decirme la verdad; sólo a ésta busco" nunha carta (iné dita) de Pondal a Murguía, do 18 de Setembro de 1964 (RAG). A obra máis recente publicada polo poeta era *Fátima* (1862). Dado que o opúsculo *A América Descuberta* foi publicado sen pé de imprenta, consideramos que moi posibelmente Pondal se refira a este fragmento do Canto V d'*Os Eoas*.

³⁹ Cf. "Era o tempo en qu'o Mouro queimado / O ibero ferro delado había" ("Éxodo", vv. 1-2); "Con estes vai tomar o nobre Arana / Que Córdoba gentil criado había" ("Catálogo 2", vv. 1-2); "Qu'a nobre España prometido había, / No Ocaso cravar a Cruz bendita" ("Dudas e triganzas", vv. 7-8); etc.

89. As *valquirias* (de *valkyrja*, tamén de procedencia nórdica) son divindades secundarias, fillas e mensaxeiras de Odín, que excitan a coraxe dos guerreiros nas batallas e levan os que morren ao Valhalla, onde lles serven viño e hidromel. O vocábulo era, na altura, empréstimo recente (documentado en francés en 1878).

90. O verbo *fuxir* admite a construción coa preposición *a* no canto da habitual *de*.

93. Neste verso, o autógrafo pondaliano permítenos interpretar como común *costa da morte*, fronte á *Costa da Morte* do v. 99.

94. *Camelle* constitúe unha das referencias pondalianas ás costas abruptas da súa xeografía (cf. "De Camelle os baixos son / mui garridos ó mirar, / nun día craro d'inverno / cando o vento en calma está, QP 9.1-4; ou "estantío, insensibre, / como penedo ingente, / cal solitario facho, / cal baixo de Camelle", QP 83.17-20). Por outra parte, os baixos de Camelle aparecen citados repetidamente en rascaños poéticos conservados na RAG, asociados nalgún caso ao Cabo Tosto (vid. v. 95).

95. *Tosto* é un lugar de Camariñas e nome dun cabo, tamén chamado Punta do Boi.

96. A alusión ás *sirtes* implica que Trece non pode ser unha parroquia da Baña, senón un lugar costeiro, posibelmente próximo a Arou, en Camelle (Camariñas), como suxire o verso "Coma a costa d'Arou e a ruda Trece" dun fragmento manuscrito inacabado, conservado na RAG, que se pode relacionar tematicamente co poema *Noite boa, noite boa*, publicado en 1905. Do mesmo xeito, Trece aparece relacionado co cabo Tosto noutro texto inacabado e inédito co título *Cabo Tosto* (RAG), onde se rexistra a referencia á denominación alternativa deste cabo (vid. n. ao v. 95). Velaí o comezo: "E vosoutros, bois de Trece, / De sonido rudo e cóncavo, / Preparade os vosos seos / Donde habitan feos mostros, / Prepará vosos sudarios, / De verdes e escuros tonos, / Para envolver do home ousado / Os nomeados propósitos".

97. Esta alusión á Costa da Morte, inexistente en *Queixumes* e nas composicións publicadas posteriormente, constitúe unha referencia única, se exceptuarmos unha redacción inacabada autógrafa (RAG), tamén inédito, en que esta costa aparece como *leit-motif*, con algunha referencia ás invasións normandas e co retrouso "Fujamos, fujamos, / A costa da morte!". Eis o seu inicio: "De Traba ao Villano / Esténdese informe, / Cal negra serpente, / Cal caimán enorme, / A costa de ferro, / A costa de bronce. / Manchada d'areas / Qu'a trozos a cobren / Somella unha besta, / Unha besta enorme, / Plagada de tiña, / De lepra deforme. / O fero Britano, / Cruzando do norte, / Escrama tembrando / Ao vela de longe: / 'A costa do pranto, / A costa da morte!'".

Final

Esperamos que coa edición deste fermoso e sorprendente poema contribuísemos a mitigar parcialmente a situación profetizada por Eduardo Pondal sobre o futuro da súa obra. Son chegados os tempos de recuperar, estudar e editar os textos pondalianos que dormen o seu sono nos arquivos.

Entre tanto, con esta intención editamos este texto pondaliano, que podemos datar entre 1900 e 1905 por o autógrafo aparecer nun grupo de redaccións manuscritas de poemas publicados arredor destes anos; esta datación, por outra parte, vese confirmada por algúns trazos lingüísticos do texto, especialmente pola utilización monosilábica da asimilación *ao* (Ferreiro 1991: 53) e mais pola aparición da forma *mas* como conxunción adversativa (Ferreiro 1991: 66).

Estamos, pois, perante un texto de innegábeis cualidades literarias, que presenta, ademais, un tema insólito na lírica pondaliana, de alto valor histórico e profundo interese lingüístico, especialmente verbo da introducción de empréstitos en galego e da súa adaptación na nosa lingua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Academia Gallega (1935): *Queixumes dos pinos (2ª edición) y Poesías inéditas de Eduardo Pondal*, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos.
- Almazán, V. (1986): *Gallaecia Scandinavica. Introducción ó estudio das relacións galaico-escandinavas durante a Idade Media*, Vigo, Galaxia.
- Bouza Brey, F. (1925): «Correizóns a facer nos 'Queixumes dos Pinos'», en «A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus 'Queixumes'», *A Nosa Terra*, 208-211, 1.1-1.4.1925.
- Carballo Calero, R. (1961): *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ..., Galaxia, Centro de Estudos 'Fingoy'.
- Dozy, R. (1881): *Recherches sur l'Histoire et la Littérature de l'Espagne pendant le Moyen Age*, II, Paris, Maisonneuve&Co, Leyde, E.J. Brill, 1881 (1ª ed. 1860).
- Ferreiro, M. (1991): "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos de lingua*, Real Academia Galega, 4, 49-70.

- Ferreiro, M. (1991b): *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Ferreiro, M., ed. (1995): *Pondal, E., Poesía Galega Completa. I. Queixumes dos Pinos*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Morales Romero, E. (1997): *Os viquingos en Galicia*, Universidade de Santiago, Biblioteca de Divulgación.
- Murguía, M. (1891): *Historia de Galicia*, t. IV, Coruña, Librería de D. Eugenio Carré (1ª ed. 1865, t. I). Citamos pola ed. facsimilar de 1979 (*Historia de Galicia*, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, vol. VI).
- Ricón, A., ed. (1971): *Eduardo Pondal, Novos poemas*. Limiar, transcrición e notas de ..., Vigo, Galaxia.
- Senín, X., ed. (1985): *Eduardo Pondal, Queixumes dos pinos e outros poemas*. Edición ó coidado de ..., Vigo, Galaxia, Biblioteca Básica da Cultura Galega.
- Vicenti, A. (1884): "Los normandos en Galicia", *Galicia Diplomática*, Santiago, 35, 29 de Marzo de 1884, 255-257.
- Vicetto, B. (1871): *Historia de Galicia*, Ferrol, Establecemento Tipográfico de Taxonera, t. IV. Citamos pola ed. facsimilar de 1979 (*Historia de Galicia*, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, vol. XI).